

**ANEXO: Solicitud de participación na convocatoria de
recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC
2019**

Centro propoñente:

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Denominación da práctica:

Enquisa satisfacción Traballo Fin de Grao (PC-04: Desenvolvemento das ensinanzas; PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades).

Datas de desenvolvemento da práctica:

Esta enquisa está en funcionamento dende o curso 2012-13.

Breve descripción da práctica:

En boa parte dos centros, a materia TFG comeza a impartirse no curso 2012-13 dado que, polo xeral, a posta en marcha dos graos foise facendo progresivamente (por cursos ou por ciclos). Pola contra, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais implantouse o Grao en Economía na súa totalidade no curso 2009-10, impartíndose paralelamente á licenciatura en Economía, da que procede unha parte do estudiantado que opta por adaptarse ao Grao. Este proceso de implantación determinou que a Facultade figure entre as pioneras na universidade española no deseño e posta en funcionamento do proceso de elaboración e defensa dos TFG. A novidade dos procedementos vinculados ao TFG e a súa complexidade, especialmente en centros con moito alumnado, requieren un seguimento continuado que permita identificar os cambios necesarios para que o proceso de aprendizaxe previsto se desenvolva plenamente. Resulta, polo tanto, indispensable, coñecer a opinión dos principais axentes implicados. Con tal obxecto, desenvolvéreronse dúas enquisas, dirixidas ao profesorado titor e ao alumnado. As preguntas estrutúranse en torno a seis eixos clave na materia: a titorización, os elementos de apoio (información e actividades formativas), o procedemento de asignación de temas e titores, as competencias desenvolvidas, a adicación e o procedemento de avaliación previsto.

Breve avaliación da eficacia da práctica:

Como resultado destas enquisas obtívose información relevante que dou lugar a que se introducirán determinadas melloras relacionadas co TFG. Así, por exemplo, o alumnado apuntou posibles debilidades da formación adquirida, considerando preciso adicar unha media de 14 horas a actividades formativas presenciais, sendo as más demandadas as relacionadas coas técnicas de expresión oral, seguidas das relativas á xestión de citas, redacción e manexo de software específico. Así mesmo, tamén solicitaba melloras na información relativa ao TFG.

A consecuencia da información obtida a partires destas enquisas, introducíronse unha serie de melloras en información e actividades formativas:

- Información: Elaboración dunha guía docente detallada que complementa ao programa da materia TFG; FAQs; sesión de presentación para alumnado e profesorado; web do TFG da facultade; solicitude ao Servicio de Normalización Lingüística dunha plantilla para a elaboración do TFG; aula virtual de TFG (aínda que na actualidade estase empregando a aula de coordinación de 4º porque a de TFG non se abre ata o segundo cuatrimestre).
- Actividades formativas: Curso de redacción e defensa de TFG; guías formativas sobre competencias informacionais elaboradas polo Servicio de Biblioteca; curso sobre competencias informacionais (iniciación e avanzado) da Biblioteca; enlace na web da Facultade á información sobre competencias informacionais da Biblioteca.

De igual forma, apoíándose na información obtida nas enquisas, tamén se realizaron modificacíons no procedemento de avaliación. Nas enquisas obtidas, tanto profesorado como alumnado solicitaban unha participación máis activa do/a titor/a na avaliación.

Como resposta a estas solicitudes, introducíronse as seguintes melloras:

- Elaboración de informes de avaliación nos que se detallan os ítems nos que se basea a avaliación e o peso de cada un deles no total da cualificación. Na procura de que os criterios sobre os que se apoie a cualificación final sexan o más homoxéneos posible, a comisión de TFG elaborou dous formularios, o informe do tribunal e o informe do titor, procurando que ambos informes coincidan en todo o posible, de tal xeito que o tribunal puidese ter en conta as puntuacións outorgadas polo/a titor/a en cada un dos ítems. Ademais de homoxeneizar a avaliación, estes informes teñen outras dúas funcións. En primeiro lugar, facilitar o procedemento de revisión da cualificación dado que aportan información detallada sobre os motivos nos que se sustentou a valoración. En segundo lugar, os informes serven para reforzar a coordinación no proceso de formación en competencias do grao, xa que os formularios cos indicadores están dispoñibles na web da Facultade para que poidan ser utilizados como referencia na avaliación dos traballos escritos e presentacións orais que realice o alumnado durante a titulación.
- No curso 2016-17, introduciuse a posibilidade de avaliación polo/a titor/a en formato póster, puidendo outorgar unha cualificación máxima de 7.5. Adicionalmente, cabe salientar que durante o curso 2016-17 foron desenvolvidas as primeiras presentacións a distancia de TFG (por causas excepcionais). Esta experiencia previa permitiu o rápido plantexamento desta opción de presentación no período de confinamento.